

Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 17 DE DECEMBRO DO 2015

Señoras e señores asistentes

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros:

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

Concelleiros ausentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventora:

Dona Araixa Varela Bermúdez.

En Padrón, sendo as nove horas do día dezasete de decembro do dous mil quince, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total dez dos trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do día da convocatoria que é o seguinte:

1.- APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016 .

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 14 de decembro de 2015, que di:

<<De conformidade co sinalado nas Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña o 8 de outubro de 2015 e publicadas no BOP número 196, do 14 de outubro de 2015.

Vista a cantidade asignada a este Concello (210.556,59 €) segundo a comunicación da Deputación Provincial recibida o 8 de outubro de 2015, e vista a memoria xustificativa da necesidade das obras elaborada segundo os datos que do Concello de Padrón constan na Enquisa de infraestruturas e equipamento local xestionada pola Deputación Provincial, foron encargados os seguintes proxectos técnicos das obras a incluír neste plan:

1. "Camiño río Sar-Extramundi", redactado polo enxeñeiro de camiños don Julio César Rojo Martínez, de Estudio Técnico Gallego, SA.
2. "Reparación camiño en Tarrío e Herbón", redactado polo enxeñeiro de camiños don Julio César Rojo Martínez, de Estudio Técnico Gallego, SA.
3. "Reparación camiños en Ribadulla e Corral (Caracía)", redactado polo enxeñeiro de camiños don Julio César Rojo Martínez, de Estudio Técnico Gallego, SA.

Vista a normativa aplicable a estes plans constituída polo Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, Orde do Ministerio de Administracións Públicas 293/2006, do 31 de xaneiro, que desenvolve aquel, e Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local,

Someto ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte proposta:

1.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Camiño río Sar-Extramundi	157.859,37 €	0,00 €	157.859,37 €
Reparación camiño en Tarrío e Herbón	52.697,22 €	2.945,69 €	55.642,91 €
SUBTOTAL OBRAS/SUBMINISTRACIÓNS	210.556,59 €	2.945,69 €	213.502,28 €

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.


B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	-----
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	-----

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS	210.556,59 €	2.945,69 €	213.502,28 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	-----	-----	-----
TOTAL	210.556,59 €	0,00 €	213.502,28 €

2.- Aprobación do Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
Reparación camiños en Ribadulla e Corral (Caracía)	35.979,07 €
TOTAIS	35.979,07 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.>>

Sr. Alcalde. Di que en primeiro lugar se presenta unha enmenda ao ditamen da Comisión Informativa C) de data 23 de novembro de 2015 que literalmente di:

<<Detectado un erro no título e na Memoria do proxecto técnico a incluír no POS 2016 denominado "Reparación camiño en Tarrío e Herbón" dado que se identifica como "Plan complementario ó POS 2016".

Detectado outro no título e na Memoria do proxecto técnico a incluír no POS 2016 denominado "Reparación camiños en Ribadulla e Corral" dado que se identifica como "Plan de aforro e investimento PAI 2015", e

Detectado un erro na suma da achega do Concello a este plan que se reflicte no apartado "C) Resumo" do punto 1 da proposta de acordo, e

Considerando que o artigo 97.5 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) define a enmenda como "*la propuesta de modificación de un dictamen o proposición presentada por cualquier miembro, mediante escrito presentado al Presidente antes de iniciarse la deliberación del asunto*", definición que se repite no artigo 40.4 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Someto á aprobación do Pleno a seguinte enmenda:

Primeiro. Aprobar a corrección do erro detectado no título e Memoria do proxecto técnico "Reparación camiño en Tarrío e Herbón" de tal xeito que onde di "Plan complementario ó POS 2016" diga "Plan de obras e servizos (POS) 2016".

Segundo. Aprobar a corrección do erro detectado no título e Memoria do proxecto técnico "Reparación camiños en Ribadulla e Corral" de tal xeito que onde di "Plan de aforro e investimentos PAI 2015" diga "Plan

complementario ao POS 2016".

Terceiro. Aprobar a corrección do erro detectado na suma da achega do Concello ao POS 2016 que se reflicte no apartado "C) Resumo" do punto 1 da proposta de acordo, de tal xeito que onde di "0,00 €" diga o seguinte:

"C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS	210.556,59 €	2.945,69 €	213.502,28 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	-----	██████████	-----
TOTAL	210.556,59 €	2.945,69 €	213.502,28 €


Non habendo intervencións sobre a enmenda, o señor Presidente sométea a votación ordinaria, resultando aprobada por unanimidade das Concelleiras e dos Concelleiros presentes, polo que o Pleno da Corporación Municipal adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar a corrección do erro detectado no título e Memoria do proxecto técnico "Reparación camiño en Tarrío e Herbón" de tal xeito que onde di "Plan complementario ó POS 2016" diga "Plan de obras e servizos (POS) 2016".

Segundo. Aprobar a corrección do erro detectado no título e Memoria do proxecto técnico "Reparación camiños en Ribadulla e Corral" de tal xeito que onde di "Plan de aforro e investimentos PAI 2015" diga "Plan complementario ao POS 2016".

Terceiro. Aprobar a corrección do erro detectado na suma da achega do Concello ao POS 2016 que se reflicte no apartado "C) Resumo" do punto 1 da proposta de acordo, de tal xeito que onde di "0,00 €" diga o seguinte:

"C) Resumo:



Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS	210.556,59 €	2.945,69 €	213.502,28 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	-----	██████████	-----
TOTAL	210.556,59 €	2.945,69 €	213.502,28 €

Aberta a quenda de debate sobre o asunto prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Alcalde. Explica que o POS 2016 é tal e como se tiña falado na comisión informativa, Camiño río Sar-Extramundi por importe de 157.859,37 €, Reparación camiño en Tarrío e Herbón por 52.697,22 € e o complementario que é o de Ribadulla e Corral por importe de 35.979,07 €.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que son conscientes de que toda obra beneficia á cidadanía e quere destacar que está en defensa do interese xeral e do público. Que ninguén lle ten que explicar cales son as necesidades dos diferentes núcleos, lugares ou parroquias. Que é consciente que os plans de obras teñen unha contía determinada pero unha das prioridades que debería de terse é, en primeiro lugar, que esas obras solventen as necesidades do maior número de administrados posibles; e, en segundo lugar, que solventen os problemas puntuais das necesidades dos diferentes lugares e parroquias, de aí que todos os grupos políticos da oposición, menos Veciños de Padrón, presentaran unha proposta porque eran conscientes desas necesidades. Que esta proposta non foi unha proposta pechada e o equipo de goberno introduxo tamén as obras que eles consideraban que deberían incluírse neste plan e que este plan é froito do consenso dos grupos políticos da oposición, excepto Veciños de Padrón, e o Partido Popular. Que esa proposta foi recollida nese documento que hoxe se trae a pleno e pola súa parte, como xa dixo na comisión informativa, vai votar a favor deste plan de obras e lle gustaría que se volvese a producir ese consenso. Que dende CIPa se coñece cales son os



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

problemas do Concello polo que é necesario sentarse nunha mesa, negociar e ver cales son as necesidades reais que hai no termo municipal, e a partir de aí intentar solventalas entre todos, que é o que debe imperar na política local.

Sr. Santaló Ríos. Cree que esta receptividade do goberno á hora de elaborar o POS non ten nada que ver con que estea en minoría e espera que se cambiaran as circunstancias sigan tendo esta dispoñibilidade de aceptar as propostas que se lles fan, que son propostas boas, necesarias e que van a atender os problemas dos veciños. Que hai unha obra pola que o seu grupo leva pelexando anos, e xa saben cal é, se ben é certo que ten problemas coa dispoñibilidade, pero si se puxera un pouco máis de entusiasmo, desde o tempo que leva, a cousa estaría resolta.

Sr. Alcalde. Pregunta si se refire a Montño.

Sr. Santaló Ríos. Contesta que si. Que coma estas hai moitas e os cartos non son suficientes para arranxar todos os problemas estruturais que presenta Padrón, pero con isto dase un avance importante.

Sr. Guillán Iglesias. Di que tamén está de acordo e pregunta que é o que fai falta con respecto á obra de saneamento de catro casas en Iria.

Sr. Alcalde. Contesta que iso non é da orde do día, pero que de todas formas xa lle deu ao seu compañeiro copia do informe técnico que explicaba o problema. Que si lle parece ben o falan noutro momento.

Sr. Guillán Iglesias. Di que el fai a mesma puntualización dunha obra como a que fixo o señor Santaló.

Sr. Alcalde. Explica ao señor Guillán Iglesias que el empezou cunha pregunta e dille que xa se lle dou o informe técnico.

Sra. Rey Pazos. Di que o seu grupo cree que todas as obras que se presentan aquí hoxe, como as que quedan por facer, son necesarias. Que o teñen moi claro, pero que dubidan na forma de selección desas obras, dado que é o primeiro ano que se enfrentan a esa selección e nun primeiro momento o señor alcalde fixo unha reunión con todos e lles amosou unhas obras cuns proxectos onde viu unhas obras de saneamento en varios lugares. Que plantexou a cuestión de por que se escolliu unha obra de saneamento nun sitio e non noutro e ninguén lle soubo contestar. Que esa mesma pregunta a fixo cando tiveron a reunión da oposición e tampouco ninguén lle soubo contestar. Que ante esa situación plantéxase o porque se escollen. Que deu a sensación de que era por motivos políticos e promesas electorais. Que iso non lle gustou e por iso pensou en como facelo: a través dun plan estratéxico onde se marcaran os obxectivos, que son as obras que son necesarias, nun listado e logo definir como as van conseguir e cando. Que así tamén se pode publicar e que a cidadanía tamén soubese que obras se ían facer, por que se van facer e cando se van facer e todo elo baseándose principalmente en criterios obxectivos e nun último término en criterios políticos ou subxetivos. Que lle gustaría que fose así, pero o seu grupo o levou a comisión e non tivo a aceptación que querían.

Sr. Alcalde. Puntualiza que si se soubo contestar e que outra cousa é que lle gustara ou non a resposta.

Sra. Rey Pazos. Insiste que nese momento non lle contestou ninguén.

Sr. Alcalde. Di que cando se elixen unhas obras, elíxense por certos criterios de urxencia, necesidade, prioridade e porque a corporación ten que decidir cales son as obras que son necesarias para o Concello, porque son órganos de goberno para decidir. Que están aprobando un plan de obras para enviar a Deputación que dá dispoñibilidade económica, solicítanse os permisos, veñen os permisos e licítase a obra. Que ese é o cando.

Sra. Rey Pazos. Replica que o cando ven sendo se ten maioría ou non a ten.

Sr. Alcalde. Contesta que non é así, que houbo plans nos que chegaron a consenso estando en minoría e noutros non. Que en plans estarán de acordo e noutros non estarán de acordo.

Sra. Rey Pazos. Pregunta por que sabendo que o POS sae todos os anos nas mesmas datas non se reunen con suficiente anterioridade para elixir entre todos as obras e facer os proxectos e non vir aquí cos proxectos xa

feitos.

Sr. Alcalde. Cree que é con suficiente anterioridade.

Sra. Rey Pazos. Replica que para facer un proxecto novo non, de feito o da gardería xa non se podería facer.

Sr. Alcalde. Dille que o da gardería non é problema de tempo senón de dispoñibilidade.

Sra. Rey Pazos. Di que hai outros proxectos que non se poden presentar porque non hai tempo para facelos. Que o POS sábese que sae sobre outubro ou novembro e os proxectos presentáronse fai dous meses, pero o señor Alcalde si fixo os proxectos antes, e así consta nas facturas, e pregunta porque non chama aos diferentes grupos cando os fai.

Sr. Alcalde. Contesta que se van facendo proxectos ao longo do ano e despois, conforme vai saíndo os plans, os presentan. Que de feito fíxose unha emenda para modificar o título do proxecto porque se fixera inicialmente para o PAI. Que hai diferentes plans e vanse encaixando nun ou noutro segundo a dispoñibilidade.

Sra. Rey Pazos. Di que niso está totalmente de acordo, pero que estes proxectos foron encargados todos nunhas datas e porque non se lles chama a todos para decidir tamén que proxectos encargar.

Sr. Alcalde. Dille que esa caixa, da que falaba no plan estratéxico e sobre o que lle dixeron na comisión que parecía un plan de marketing, está baleira e non ten proxectos. Que si desde Veciños din que queren facer algo, valorárase e verase si se pode facer ou non.

Sra. Rey Pazos. Di que ela explicou o que era o plan estratéxico, pero de todas formas nos programas electorais do PP, do BNG, do PSOE ou no de Alternativa, aparecen recollidos plans estratéxicos e igual o plan de marketing é de todos os partidos.

Sr. González Pardal. Di que está totalmente de acordo co que acaban de expoñer os seus compañeiros e unha vez máis impera o consenso que debería estar presente nesta lexislatura.

Sr. Forján Seoane. Di que se traen a pleno obras que en boa parte foron propostas polo grupo Socialista, polo grupo independente, polo BNG, o Galeguista e Alternativa. Que tiveron unha reunión previa na que o grupo de Veciños non plantexou ningunha proposta. Que na comisión informativa todos os grupos informaron positivamente e Veciños abstívose e espera, polos cidadáns, que hoxe voten a favor. Que dubida que todos os proxectos estiveran feitos, dado que o do Bordel ou o da praza da Leña tiveron entrada no concello o 7 de decembro, bastante despois da reunión. Di que algún destes proxectos xa estaban consensuados do ano pasado pero consideraron que se poderían mellorar. Que aínda se poderían mellorar moito máis pero os cartos son os que son.


Sra. Rey Pazos. Solicita a palabra por alusións. Di que ela propuxo nun primeiro momento obras de mantemento, antes de chegar a ese suposto consenso; despois cando veu como se escollían non lle gustou, porque foi nunha reunión que durou dez minutos e na que alguén xa entrou dicindo que senón entraba unha obra non había consenso. Insiste que Veciños de Padrón si presentou obras pero considera que a cuestión non é presentar obras senón sentarse a pensar como queren que sexa Padrón.

Sr. Forján Seoane. Pensa que case todos teñen unha idea das necesidades deste concello. Que son conscientes do que está demandando a xente. Que hai máis, pero que os cartos son os que son e hai que adminístralos correctamente dependendo das demandas e das necesidades dos veciños.

Sra. Rey Pazos. Insiste que todas as obras son necesarias e son os outros grupos os que teñen que explicar á cidadanía porque escollen entre facer unhas obras de saneamento e non outras e acabar unhas e outras.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto, coa inclusión da emenda aprobada, a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Nove (9), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

señores Fernández Angueira e Sanmarco Santos, polo concelleiro do PGD, señor Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos, e polo concelleiro da CIPa, o señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitida pola concelleira do grupo político municipal de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Camiño río Sar-Extramundi	157.859,37 €	0,00 €	157.859,37 €
Reparación camiño en Tarrío e Herbón	52.697,22 €	2.945,69 €	55.642,91 €
SUBTOTAL OBRAS/SUBMINISTRACIÓNS	210.556,59 €	2.945,69 €	213.502,28 €

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	-----
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	-----

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS	210.556,59 €	2.945,69 €	213.502,28 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	-----	-----	-----
TOTAL	210.556,59 €	2.945,69 €	213.502,28 €

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
Reparación camiños en Ribadulla e Corral (Caracia)	35.979,07 €
TOTAIS	35.979,07 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución

das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.


8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

2.- APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA .

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 14 de decembro de 2015, que di:

<<O 8 de outubro de 2015 a Deputación Provincial da Coruña comunica mediante unha Circular ao efecto a aprobación polo Pleno Provincial das bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015 destinado aos Concellos da Provincia e que a cantidade asignada a este é de 287.122,63 euros.

Examinadas as bases reguladoras deste plan encargáronse os seguintes proxectos técnicos das obras a incluír:

- 
- "Rúa Bordel (Padrón)", elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Julio César Rojo Martínez de Estudio Técnico Gallego, SA.
 - "Praza da Leña (Padrón)", elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Julio César Rojo Martínez de Estudio Técnico Gallego, SA.
 - "Reparación de varandas en paseo fluvial do río Sar e outro (Padrón)", elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Julio César Rojo Martínez de Estudio Técnico Gallego, SA.
 - "Saneamento tras Muíños e outros (Padrón)", elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Julio César Rojo Martínez de Estudio Técnico Gallego, SA.
 - "Mellora da rede de saneamento e instalación de bombeo en Lestido. Concello de Padrón", elaborado polos arquitectos don Carlos Mosquera del Palacio, don Alberte Pérez Rodríguez e don Enrique Iglesias Lima de Tres Pensando Escolitando e Solucionando, SLP.

Visto que ademais, segundo se indica nas bases reguladoras e na circular da Deputación Provincial, é posible incluír neste plan os investimentos para os cales o Concello ten solicitado unha subvención nominativa para o cal non foi aprobado aínda o correspondente convenio, preténdese a inclusión do seguinte proxecto técnico:

- "Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita no atrio da ex-Colexiata de Santa María de Iria Flavia. Padrón" realizado polo arquitecto Ramón Andrés Rey Otero.

Para todos estes investimentos foron emitidos os informes técnicos sobre cada un dos proxectos, o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, a memoria económica da Alcaldía e o informe da interventora municipal, polo que



Padrón

Concello de Padrón
 CIF P1506600D
 Rúa Longa, 27
 15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
 Tfl: 981 81 04 51
 Fax: 981 81 15 50

Propoño ao Pleno:

1.- Participar no **Plan de acción social (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Rúa Bordel (Padrón).	81.373,94 €	0,00 €	81.373,94 €
Praza da Leña (Padrón).	31.619,60 €	0,00 €	31.619,60 €
Reparación de varandas en paseo fluvial do río Sar e outro (Padrón).	59.872,81 €	0,00 €	59.872,81 €
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL.	172.866,35 €	0,00 €	172.866,35 €

B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Saneamento tras Muíños e outros (Padrón).	61.593,20 €	0,00	61.593,20 €
Mellora da rede de saneamento e instalación de bombeo en Lestido. Concello de Padrón.	52.663,08 €	0,00	52.663,08 €
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS.	114.256,28 €	0,00	114.256,28 €

C) Investimentos a incluír no PAS-CONVENIOS:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita no atrio da ex-Colexiata de Santa María de Iria Flavia. Padrón.	132.069,06 €	396.207,19 €	528.276,25 €
SUBTOTAL INVESTIMENTOS PAS-CONVENIOS.	132.069,06 €	396.207,19 €	528.276,25 €

D) Resumo:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL.	172.866,35 €	0,00 €	172.866,35 €
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS.	114.256,28 €	0,00 €	114.256,28 €
SUBTOTAL INVESTIMENTOS PAS-CONVENIOS.	132.069,06 €	396.207,19 €	528.276,25 €
TOTAL	419.191,69 €	396.207,19 €	815.398,88 €

2.- Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou subministracións de carácter social que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Investimentos financeiramente sostibles de carácter social	Orzamento
-----	-----
TOTAIS	-----

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.


5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.>>

Aberta a quenda de debate sobre o asunto prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

 Sr. Rodríguez Carbia. Reitera o que dixo no primeiro punto desta sesión e que hai unha serie de actuacións que no sucesivo habería que estudar, principalmente o tema da actuación na praza da Leña, zona incluída dentro do casco vello de Padrón e pensar seriamente na reorganización desa zona; o da rúa Bordel que considera debería ir acompañado da dotación de beirarrúas, pero sabe que a dispoñibilidade económica do plan é a que é e hai que pensar en solvertar o máis gordo para depois pensar en futuras actuacións. Que en canto ás varandas cree que é unha demanda de case a totalidade dos grupos políticos, e o saneamento en Muiños é completar unha actuación que xa se tiña empezado e non está finalizada. Que o tema do saneamento en Lestido tamén é unha demanda, no seu momento, de tódolos grupos pero máis en concreto do Partido Galeguista, e considera que é unha necesidade dos veciños. Que o tema da Casa dos Capeláns é unha actuación moi importante na zona de Iria Flavia e vai servir para desenvolver o patrimonio histórico do noso Municipio. Que espera que en sucesivos plans domine o consenso para intentar mellorar as necesidades das diferentes zonas, non só do casco vello, senón tamén do rural para mellorar a calidade de vida dos veciños. Intentar que non se despoble o rural e que sexa un sitio apetecible para vivir e teña uns servizos dignos.

Sr. Santaló Ríos. Entende que as obras que están aquí son necesarias e que non é preciso un plan estratéxico porque todos saben as obras que son necesarias e cando hai recursos inclúense. Que non son obras que se lles ocorran no momento.

Sra. Rey Pazos. Cree que se hai un plan o xusto sería que a cidadanía puidese coñecerlo e a iso se lle chama transparencia. Cree que hai que chegar a un gran consenso non a pequenos consensos, por iso fala dun plan. Di que lle gustaría acabar dunha vez e que non se lle interrompira sempre porque en todos os plenos ten que pedir que a deixen falar.

Sr. Alcalde. Pídelle que continúe.

Sra. Rey Pazos. Sigue dicindo que se houbese un plan, habería tempo suficiente para pedir os permisos, para concluír os servizos dos que falan, para falar de si queren centrarse no cultural, para facer esas obras pensando no cultural.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que el ten un plan e é coñecido pola inmensa maioría dos cidadáns deste Concello, porque cando tiña responsabilidades de goberno ese plan o amosou aos medios de comunicación.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Sr. Alcalde. Pide ao señor Rodríguez Carbia que deixe rematar á concelleira.

Sra. Rey Pazos. Dille ao señor Rodríguez Carbia que o problema é que el non goberna.

Sr. Rodríguez Carbia. Dille que ela non ten nin plan nin programa.

Sr. Alcalde. Dá un aviso ao señor Rodríguez Carbia e retíralle a palabra.

Sra. Rey Pazos. Continúa a súa intervención e di que por iso quere que se faga un plan entre todos porque ela pode facer un pero sería seu.

Sr. González Pardal. Manifesta que non ten moito máis que dicir, só que deixa no tinteiro unha obra que lle parece moi importante como é a da humanización de detrás do campo de fútbol que están reivindicando todos os veciños.

Sr. Forján Seoane. Di que en todos os programas hai que buscar a financiación do programa, que é unha cousa moi importante. Que supón que o señor alcalde fará todo o que poida para conseguir a financiación. Que en case todos os programas van estar de acordo porque todos o levaban no programa. Volve repetir que as obras do PAS son froito do consenso de todos os grupos menos dun. Que moitas destas obras que están aquí son a petición dos veciños. Que todos os grupos están facendo o que están demandando os veciños e non sabe porque hai un grupo que se molesta porque se chega a un consenso para realizar e aprobar obras en beneficio dunha maioría de veciños do Concello que lles están demandando a tódolos grupos.

Sr. Guillán Iglesias. Pregunta ao señor alcalde que tipo de titularidade ou que tipo de manobra legal, porque si hai unha sentenza xudicial que di que é un camiño público cando un propietario o consideraba privado e aínda para máis hai un tendido de alumbrado público. Que tampouco aparece rexistrado no Catastro e non está inventariado no Inventario de bens do Concello. Pregunta que é o que hai que facer para que se poida acometer esa obra.

Sr. Alcalde. Contesta que o compañeiro do señor Guillán Iglesias solicitou o informe e se lle deu copia. Que a conclusión do informe técnico é que o Concello non ten a disposición desas terreos. Que hai unha sentenza que di que non é titularidade privada desas persoas que o reclaman, pero tampouco di que é público. En conclusión agora mesmo non se ten a dispoñibilidade dos terreos para facer esa obra, que non sabe se a día de mañá a terán, pero a día de hoxe ese camiño non é do Concello de Padrón.

Sr. Guillán Iglesias. Pregunta se ese camiño aparece no Catastro se podería facer.

Sr. Alcalde. Contesta que o Catastro nin dá nin quita dereitos.

Sr. Guillán Iglesias. Pregunta porque entón di o informe que non aparece catastrado.

Sr. Alcalde. Contesta que é un indicio.

Sr. Guillán Iglesias. Pregunta entón que si aparecera no catastro si se podería facer.

Sr. Alcalde. Contesta que non, que non ten porque. Que si aparecera reflectido no Rexistro da Propiedade ou no Inventario de bens do Concello, si se podería facer.

Sra. Rey Pazos. Di, en relación ao dito polo señor Forján Seoane, que ela toma decisións e é consecuente con elas e que non está enfadada por chegar a un consenso. Que se enfada porque non a deixan falar nos plenos e sempre a cortan. Insiste en que todas as obras son necesarias e que o plan estratéxico o levan todos os grupos nos seus programa electorais a nivel nacional.

Sr. Forján Seoane. Di que a señora Rey Pazos quere monopolizar o debate e o seu grupo non lle vai dar ese placer. Que coa obra que está proponendo o señor Guillán están todos completamente de acordo, pero non se puido facer, e non cree que iso esté en ningún programa a nivel nacional; levar a auga a Cruces ou facer a pista de Ribadulla tampouco cree que esté en ningún programa a nivel nacional. Que aquí se está falando da

política local. Que non vai permitir ou facilitar que a señora Rey Pazos monopolice o debate.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Nove (9), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira e Sanmarco Santos, polo concelleiro do PGD, señor Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos, e polo concelleiro da CIPa, o señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitida pola concelleira do grupo político municipal de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

1.- Participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Rúa Bordel (Padrón).	81.373,94 €	0,00 €	81.373,94 €
Praza da Leña (Padrón).	31.619,60 €	0,00 €	31.619,60 €
Reparación de varandas en paseo fluvial do río Sar e outro (Padrón).	59.872,81 €	0,00 €	59.872,81 €
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL.	172.866,35 €	0,00 €	172.866,35 €

B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Saneamento tras Muíños e outros (Padrón).	61.593,20 €	0,00	61.593,20 €
Mellora da rede de saneamento e instalación de bombeo en Lestido, Concello de Padrón.	52.663,08 €	0,00	52.663,08 €
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS.	114.256,28 €	0,00	114.256,28 €

C) Investimentos a incluír no PAS-CONVENIOS:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita no atrio da ex-Colexiata de Santa María de Iria Flavia, Padrón.	132.069,06 €	396.207,19 €	528.276,25 €
SUBTOTAL INVESTIMENTOS PAS-CONVENIOS.	132.069,06 €	396.207,19 €	528.276,25 €

D) Resumo:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
---	------------	----------	-----------------



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL.	172.866,35 €	0,00 €	172.866,35 €
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS.	114.256,28 €	0,00 €	114.256,28 €
SUBTOTAL INVESTIMENTOS PAS-CONVENIOS.	132.069,06 €	396.207,19 €	528.276,25 €
TOTAL	419.191,69 €	396.207,19 €	815.398,88 €

2.- Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou subministracións de carácter social que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Investimentos financeiramente sostibles de <u>carácter social</u>	Orzamento
-----	-----
TOTALS	-----

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluída neste Plan se a houbera.


5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.


6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión sendo as nove horas e trinta e nove minutos, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina conmigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.


 Alcalde-Presidente
 Asdo. Antonio Fernández Angueira


 A Secretaria
 Asdo. Ana María Ares Álvarez